




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: A Capelada. Concello: Cariño e Cedeira. Parroquia: de leste a oeste, San Bartolomeu de Cariño, Santa María da Pedra, Santiago de Landoi, Santa María de Régoa e Santalla de Cervo. Extensión: 16,76 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Estamos ante un fito xeográfico, xeomorfolóxico e ambiental da costa de Galicia. Trátase dos acantilados de maior potencia no sudoeste europeo, megaacantilados con potentísimas paredes e vertentes que ás veces se confunden pola súa inclinación. A dinámica destas fronte case verticais é moi elevada. Vironse afectados por un periglaciario e mesmo algún indicio de glaciario costeiro. Grandes escorregamentos, caídas de bloques e desprendementos, son moi habituais. A estreita plataforma costeira está tapizada de grandes acumulacións de bloques e cantos. A potencia dos acantilados rolda os 600 m nalgúns puntos. Todas estas características outórganlle unha clara orixe telúrica aos desniveis existentes. Inclúe o EIX Cantís e depósitos de orixe fría na Capelada.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Paisaxe eminentemente costeira, de leste a oeste sucédense, no Complexo de Cabo Ortegal, do Precámbrico-Cámbrico: unha estreita banda de ecloxitas e outra de metabásitas granulita e anfibolita -que alcanza os acantilados máis ao sur, en Cantís de Cadro-; logo desenvólvese a unidade de ultrabásitas serpentinizadas da Capelada, que chega a Pena Gabeira; dende alí e ata O Bico aparecen as rochas metabásicas (granulitas e anfibolitas), lugar onde de novo aparece un lóbulo de rochas ultrabásicas; o extremo occidental está composto por unha ancha banda de gneises de dúas micas recoñecido como Gneis de Chimparra, no que aparece un dique postectónico de pórfido. Nos materiais sedimentarios destacan os depósitos cuaternarios coluvial, periglaciares e glaciares, recoñecibles nas proximidades de Santo Andrés de Teixido e Teixidela.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Toda a fachada acantilada presenta variacións termopluviométricas determinadas pola proximidade ao mar e a altitude. A vertente costeira pertence ao dominio climático Cálido e Subhúmido con temperaturas medias superiores a 14°C e precipitacións entre 1000 mm e 1200 mm. Mentres que a parte alta do acantilado é máis húmida e fresca alcanzando temperaturas medias entre 12°C e 14°C e precipitacións de ata 1400 mm, que definen un dominio Temperado-Subhúmido ou Húmido.

OS SOLOS

Presenza dos solos pouco evolucionados debido á natureza acantilada da unidade. Importantes afloramentos do substrato rochoso nos que tan só se chegan a formar leptosoles líticos ricos en materiais ferromagnesianos derivados da meteorización das rochas básicas e ultrabásicas dominantes. As vertentes de topografía máis suave, ao redor de Santo Andrés de Teixido, desenvolven solos compactos e máis profundos do tipo acrisol órtico.


AS AUGAS

- A morfoloxía acantilada de costa da Capelada dá lugar a unha rede fluvial pouco significativa na que se suceden as valgadas angostas e de forte pendente. As augas continentais verten ás masas de Augas Costeiras 20117, 20089 e 20118, situadas entre Cabo Ortegal e a Ría de Cedeira.

O PATRIMONIO NATURAL

- IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. LIC Costa Ártabra. Fronte con hábitats 1230, acantilados costeiros atlánticos, e 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. A toxicidade litolóxica e os fortes ventos limitan a presenza de árbores e outros vexetais sensibles. Vertentes con hábitats do grupo 4, Breixeiras e matogueiras da Europa temperada, con especial interese das breixeiras húmidas atlánticas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (4020) -especie aquí substituída pola rara *Erica mackaiana*-. Citas dos taxons vulnerables *Festuca brigantina* subsp. *actiophyta*, *Rumex scutatus* subsp. *gallaecicus*, *Centaurea borjae*, *Linaria aguillonensis* e *Erodium maritimum*. Hai pequenos rodais de frondosas distribuídas polas ladeiras próximas a Santo Andrés de Teixido e Teixidela. As turbeiras (grupo 71) poden desenvolver aquí o excepcional hábitat 7130, turbeiras de cobertor. De gran valor son tamén os desprendementos e hábitats rochosos aflorantes (grupos 81 e 82) sobre rochedo básico e ultrabásico.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

- O conxunto da unidade está determinado polos grandes acantilados, con pendentes superiores ao 80%, que limitan seriamente o desenvolvemento de usos a aqueles espazos cuxa topografía e estabilidade permitiron o desenvolvemento de vexetación de escaso porte sobre solos moi pouco profundos. Os fortes r de vento, tan frecuentes neste sector costeiro, contribúen a limitar o desenvolvemento de especies arbóreas. Existen pequenas manchas de arboredo de repoboación cun patrón espacial disperso nos cumios. Completa o mosaico de usos os labradíos que se sitúan ao redor da pequena aldea de Santo Andrés de Teixido, lugar emblemático da unidade no que se dan cita valores etnográficos e simbólicos.

MORFOLOXÍA

A serra da Capelada é un bloque tectónico cuxa vertente occidental corresponde coa parte sobreelevada. As formas están determinada por unha espectacular fronte de enormes acantilados, suxeitos a unha dinámica diversa e que garante unha forte inestabilidade dos seus noiros, dando pé a un rosario de coidos e conos de depósitos ao longo do seu perímetro costeiro. Neste conxunto destacan dúas pequenas aldeas de carácter tradicional, situadas a media ladeira, cunha trama compacta ben definida e rodeadas dos seus respectivos espazos de cultivo: Santo Andrés de Teixido (núcleo de identidade litoral) e Teixidelo. Sobre a punta do Cabo Ortegal, a 124 metros sobre o nivel do mar, localízase o faro homónimo, construción finalizada en 1984 que conta cunha torre cilíndrica de 3 metros de diámetro por 12.70 de altura e cuxo feixe de luz alcanza 18 millas náuticas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O acceso rodado aos núcleos de poboación citados realízase a través das estradas AC-2205/2204 procedente de Cariño, que continúan, paralelas á costa, en direccións sur e que serven tamén para o mantemento dos campos eólicos situados na liña de cumio. A rede viaria complétase con diversas pistas non asfaltadas que acceden a determinados sectores da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

En canto ao patrimonio arqueolóxico, dos diversos depósitos existentes destacan o lugar do "Curro do Cadro", recinto pechado habilitado para a "rapa" de cabalos, e no cumio dos acantilados, localízase a Garita de Vixía Herbeira, antiga caseta de pedra do século XVIII que cando as condicións meteorolóxicas o permiten, ofrece unha extraordinaria panorámica. Os cruceiros de Cristo dos Carrís e o de Cuturelo en Régoa contribúen a subliñar o carácter relixioso e á vez máxico que se chega a respirar nestas paraxes. Finalmente, sinalar a presenza na pequena aldea de Santo Andrés de Teixido, do Santuario de Santo Andrés, de longa tradición como lugar de peregrinación, a Casa reitoral, o campo santo, un cruceiro, a denominada Fonte do Santo, e o Muíño de Rolda.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Toda a unidade forma parte da fachada occidental do Cabo Ortegal, fito xeográfico indiscutible da comarca das Rías Altas. Non cabe dúbida de que nos atopamos nun espectacular escenario da costa galega no que os elementos xeolóxicos, xeomorfolóxicos, ecolóxicos e paisaxísticos alcanzan un extraordinario valor e importancia. A natureza impón a súa lei debuxando unhas maxestosas perspectivas nun conxunto dominado pola rotundidade das formas acantiladas que son as verdadeiras protagonistas da organización do conxunto. No seu seo, a presenza humana deixou a súa pegada na pintoresca aldea de Santo Andrés de Teixido, que se desprega sobre unha pequena superficie aplanada a media ladeira, atraendo numerosos visitantes, tanto polos seus valores paisaxísticos como polas lendas vinculadas a este recóndito recanto, o cal, fixo a esta aldea valedora da consideración de Núcleo de Identidade do Litoral.

DINÁMICA DA PAISAXE

- Está presidida polos procesos naturais de vertente que se fan patentes nos noiros de acantilado. Nos últimos anos cabe destacar o incremento da superficie ocupada pola vexetación arbórea de repoboación.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade ofrece un extraordinario valor paisaxístico e ambiental ao redor dos espectaculares e maxestosos acantilados, ata converter o conxunto da Serra da Capelada á que pertencen, nun fito destacado no conxunto do litoral galego e ser considerado como Espazo de Interese Paisaxístico, consecuencia ademais, de formar parte do flanco occidental do Cabo Ortegal, a segunda porción de terra situada máis ao norte da Península Ibérica despois da Estaca de Bares. Este escenario goza tamén dun valor xeolóxico singular, a superficie terrestre ofrece unha ventá ao remoto pasado xeolóxico dende a que contemplar unha litoloxía precámbrica-cámbrica -anfíbolitas, ecloxitas- que converten a Capelada nun lugar de peregrinación xeolóxica; un motivo de visita máis que engadir neste capítulo de valoración e polo cal é considerada como Espazo de Interese Xeomorfolóxico, á marxe doutras proteccións de carácter ambiental, como son o LIC e ZEPVN da Costa Ártabra, segundo a Directiva Hábitat e rede galega de espazos protexidos respectivamente. Ademais, son numerosos os elementos patrimoniais que salpican o territorio desta unidade destacando, sobre todos eles, o asentamento de Santo Andrés de Teixido, considerado como Núcleo de Identidade do Litoral, onde se localiza o Santuario de Santo Andrés, punto de peregrinación, intimamente ligado cos camiños que conducen a Santiago de Compostela. De feito, as primeiras referencias escritas desta peregrinación datan de 1391.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS










A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:42.805

0 10000 400 600 800
Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



